

## MESA SECTORIAL DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2022

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA DO CONCURSO DE MÉRITOS ESPECÍFICO PARA CUBRIR, EN COMISIÓN DE SERVIZOS, POSTOS DE ESCOLARIZACIÓN A ALUMNADO DE ATENCIÓN PREFERENTE.

Como cuestións xerais previas desde ANPE Galicia consideramos que se debe aumentar a dotación de profesorado de PT e AL nos centros educativos como medida máis eficaz para mellorar a atención do alumnado con necesidades educativas específicas e, un concurso específico para cubrir prazas nos Equipos de Orientación Específicos, actualmente baixo mínimos, o que conleva que non poidan valorar os casos en tempo e forma.

ANPE considera que nos CPI debe identificarse, no perfil das prazas, a etapa educativa na que se vai a desenvolver o traballo para que os solicitantes poidan coñecer dita información.

En relación ao Anexo I das prazas ofertadas solicitamos que se atendan as demandas que poidan chegar xa que sabemos que hai centros pendentes aínda de facer a solicitude, pendente tamén de continuidade de alumnado, pendente da incorporación de alumnado de Ucraína, etc. Por outra banda, chámamos a atención que todas as prazas contan cunha lenda que explica o perfil das mesmas salvo a do CEIP Plurilingüe O Grupo de Ribeira e gostaríanos saber a razón. Pedimos a revisión da praza solicitada no CEIP Rosalía de Castro que por erro solicitaron con requisito de Braille cando non é necesario.

Entrando no articulado da orde:

- Artigo 3: demandamos que non se limite a 10 o número de solicitudes que os/as participantes poden facer.
- Artigo 4: demandamos a ampliación do prazo de participación de 5 a 10 días hábiles.
- Demandamos que o profesorado acompañe ao alumnado ao longo de toda a etapa educativa sen a limitación dos 6 cursos académicos.
- Disposición Adicional 5ª: Demandamos que, no corpo de mestres, puntúe o CAP ou o Máster de Formación do Profesorado. **A Administración retirará ese apartado da Disposición Adicional 5ª para que poida puntuar.**
  - En relación ao baremo ANPE solicita unha revisión do baremo no seu apartado 3 xa que non nos parece equilibrado que se puntúe con 1,5 un Mestrado (homologados teñen 60 créditos) e con 0,5 titulacións de Grao con tres veces máis créditos que cursar. **A Administración non tocará nada máis desta Orde .**

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE A PRAZAS DERIVADAS DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

**A Administración comeza aclarando que se engadiron prazas ocupadas por profesorado que estivo en excedencia por coidado de fillos/as ou familiares, prazas de profesorado nomeado no CADP que non puido tomar posesión por estar en situación de Incapacidade Temporal e as prazas que computan simultaneamente na Disposición Adicional 6ª e 8ª. Informa tamén do comezo da tramitación do Decreto.**

Criticamos unha vez máis, como ven sendo habitual por parte desta Consellería, a decisión de facilitar toda a información no día de onte á prensa, dando por pechada unha negociación cando ís celebrarse unha Mesa Sectorial ao día seguinte.

ANPE non vai permitir, baixo ningún concepto, que non se convoque para o ano 2023 OPE con prazas de reposición xa que, doutra maneira, non se acadaría o obxectivo de redución da porcentaxe de profesorado interino e, paralelamente, serviría para garantir certa estabilidade do colectivo interino que presta servizos actualmente. Se hai que levar a cabo dous procesos selectivos en datas diferentes ou hai que artellar algunha outra maneira terá que facerse pero non podemos entrar na dinámica de non convocar tamén prazas de reposición.

Remitimos á Administración unha serie de prazas que a Consellería non admitiu tras a reclamación de ANPE e que seguimos considerando que reúnen todos os requisitos para que sexan computadas e que deben ser revisadas (como pode ser o caso das especialidades de Danza e Danza Clásica, praza de linguaxe musical aplicado a Arte Dramático e praza de procesos na industria alimentaria no CIFP A Granxa, entre outras).

Seguiremos estudando a afectación de prazas que faremos chegar á Administración. (podedes facer achegas ao enderezo de correo: [galicia@anpe.es](mailto:galicia@anpe.es)).

Non estamos de acordo co criterio de detraer todas as prazas de equipos directivos.

Criticamos que, despois de que ano tras ano ANPE Galicia solicite na orde de convocatoria dos procesos selectivos que a baremación de méritos a faga unha comisión técnica e non os tribunais e que a Consellería responda, ano tras ano tamén, que non é posible, agora no Decreto que se presenta hoxe, no seu artigo 10 se establece que, non só a baremación dos aspirantes, senón tamén a selección de candidatos vai a ser feita por unha comisión técnica.

ANPE demanda coñecer na Mesa Sectorial de hoxe se vai haber unha proba de coñecementos de lingua galega. A Administración informa de que non pode dar unha resposta segura sobre a proba de galego xa que teñen solicitado informe da asesoría xurídica xeral da Xunta. O máis probable é que si haxa proba de galego pero non forma parte do proceso selectivo senón que é un acto previo.

A Administración da por pechada a negociación. Informa tamén de que a súa previsión e pretensión é ter resolto o concurso de méritos excepcional ao longo do ano 2023 (antes de comezo do curso escolar). A súa pretensión tamén é que a baremación dos aspirantes a faga unha aplicación informática.

Informa tamén a Consellería de que teñen moi avanzada a Orde de Convocatoria do Concurso de Méritos (pendentes, entre outras cousas, do informe da asesoría xeral sobre a proba de galego) e tamén a orde de convocatoria do concurso-oposición.

### 3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- ANPE Galicia demanda o mantemento dos libros de texto nos centros educativos de cara ao vindeiro curso escolar, é dicir se exima da obrigatoriedade de cambialos dada a situación.

# MESA SECTORIAL



- ANPE demanda coñecer cando se vai a resolver o CADP de Secundaria do vindeiro curso. **A Administración resposta que a súa previsión é que estea resolto a primeiros de agosto.**
- ANPE demanda coñecer como está de avanzado a elaboración do protocolo e o establecemento da figura do coordinador contra o acoso e a violencia escolar á que obriga a Lei de Protección da Infancia. (non hai resposta)
- **ANPE demanda a revisión da figura da titoría no senso de que é necesaria unha valoración desta función a todos os niveis: retributivos, administrativos... pola carga de traballo que acarrea e non se está a valorar equitativamente.**
- ANPE demanda que o procedemento de actualización do expediente electrónico estea aberto todo o ano para todos os colectivos.
- **ANPE demanda a restitución das axudas por asistencia a actividades de formación que levan sen convocarse dende o 2019.**
- Demandamos información sobre a situación da transformación en CIFP do IES de Chantada. **A Administración resposta que non se vai modificar nada de cara ao curso que ven.**
- ANPE Galicia demanda coñecer se vai a haber as convocatorias que son habituais ao longo do curso e que están pendentes de convocar (convenios, licenzas por formación.....) **A Consellería informa de que irán pasando pola Mesa Sectorial.**

**ANPE**  
**SINDICATO INDEPENDIENTE**  
**GALICIA**